



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 23 DE MARZO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto de modificación do Decreto polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) para que na concesión dun aval subsidiario a *Volvoreta S.A.* se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) a fixar o volume máximo de operacións subsidiables e o límite de crédito dispoñible, na concesión de axudas ao abeiro do convenio de apoio financeiro 2004-2006 ás pequenas e medianas empresas subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades financeiras, así como a modificación de determinadas cláusulas do mesmo para atender o financiamento de proxectos do sector pesqueiro.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) a fixar o volume máximo de operacións subsidiables e o límite de crédito dispoñible, na concesión de axudas ao abeiro do convenio de apoio financeiro 2004-2006 ao sector do transporte público por estrada de Galicia para a renovación da flota de vehículos, así como a modificación parcial de condicións do convenio subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades de crédito.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para apoio e promoción das actividades investigadoras e formativas no Museo Pedagóxico de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual que se deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso 2006-2007.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM RURAL).

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Ribadavia para a realización das obras de consolidación do lenzo de muralla na rúa Tomás de Lemos e fase II do paseo entre murallas do Castelo dos Sarmiento.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Rois (A Coruña) para a prestación de asistencia sanitaria, en réxime ambulatorio, aos beneficiarios da seguridade social en dous centros de saúde de titularidade municipal, por un importe previsto, para dous anos, de 12.168 euros.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia coa Mancomunidade do Salnés para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Ampliación do abastecemento en Alta no Salnés, Cambados, Ribadumia, Meaño e Sanxenxo (Pontevedra)", por importe de 3.325.230,87 euros.



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Porto do Son para a execución das obras: “Mellora do abastecemento na bacía Galicia-Costa. Abastecemento a Portosín. Porto do Son (A Coruña)”, por importe de 507.863,64 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Lugo para a execución das obras: “Pequenas obras de saneamento. Renovación colector xeral augas férreas. Campus. (Lugo)”, por importe de 253.200 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Redondela para a execución das obras: “Actuación de saneamento bacía Galicia-Costa. Saneamento de Chan das Pipas en Redondela. Redondela (Pontevedra)”, por importe de 409.602,66 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia con Concello de Castro do Val para a execución das obras: “Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Abastecemento e saneamento en Castrelo do Val e Nocedo. Castrelo do Val (Ourense)”, por importe de 396.500 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Tomiño para a execución das obras: “Plan de saneamento. Rede de saneamento na parroquia de Estás. Fase I. Tomiño (Pontevedra)”, por importe de 598.898,99 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Catoira para a execución das obras: “Abastecemento a pequenos núcleos de poboación. Abastecemento de auga a núcleos de Catoira. 2ª fase. Catoira (Pontevedra)”, por importe de 353.119,13 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Bande para a execución das obras: “Plan de saneamento. Saneamento en núcleos do concello. Bande (Ourense)”, por importe de 433.744,61 euros.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións, no momento da concesión, así como compromisos de gasto de carácter plurianual, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficio, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento.



MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional sobre os desaparecidos de orixe galega durante a ditadura militar arxentina (1976-1983).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre o Plan Nacional de Servizos Especiais de Salvamento Marítimo da Vida Humana no Mar e da Loita contra a Contaminación do Medio Mariño 2006-2009



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE OS DESAPARECIDOS DE ORIXE GALEGA DURANTE A DITADURA MILITAR ARXENTINA (1976-1983)

Entre 1976 e 1983, Arxentina estivo sometida a unha ditadura militar que fixo desaparecer milleiros de cidadáns daquel país, entre eles a algúns, arredor de trinta segundo os datos coñecidos ata o momento, de orixe galega.

As súas familias levan anos demandando o apoio das institucións do Estado ás súas peticións de lembranza e apoio. Como impulso da memoria colectiva estableceron unha data conmemorativa, o 30 de setembro, na que cada ano e diante dun mural que con tal finalidade foi instalado na Oficina Cultural da Embaixada de España en Bos Aires, se honra á súa memoria.

Na recente visita institucional do presidente da Xunta a aquel país as organizacións que agrupan aos familiares dos desaparecidos solicitaron o compromiso da Xunta de Galicia. Sendo unha reparación xusta e no ámbito das súas competencias a Xunta de Galicia comprométese a:

- 1.- Atender, nos programas sociais e asistenciais vixentes e no ámbito das súas competencias, familias dos cidadáns galegos desaparecidos na Arxentina entre 1976 e 1983 segundo o censo establecido polo Ministerio de Asuntos Exteriores.
- 2.- A Xunta cooperará coas familias afectadas e co Ministerio de Asuntos Exteriores na investigación de datos familiares nos Rexistros Cívís de Galicia, así como na localización doutros familiares.
- 3.- A Xunta conmemorará o 30 de setembro aos emigrantes desaparecidos promovendo un programa de actos.



O IGAPE APOIA O PLAN DE VIABILIDADE DA EMPRESA VOLVORETA CUN AVAL DESTINADO A FACILITAR O FINANCIAMENTO DAS SÚAS NECESIDADES DE CIRCULANTE

O Consello da Xunta celebrado hoxe autorizou ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a concesión dun aval a empresa textil Volvoreta en garantía dun préstamo bancario. Con esta operación, a firma poderá impulsar o plan de viabilidade elaborado, no referido ao financiamento das súas necesidades de circulante polo que a empresa pretende resolver as tensións de tesourería, financiar os pagamentos a provedores e resolver as súas dificultades de acceso ao crédito.

A empresa dispón de dúas marcas de prestixio, ambas de coleccións de pezas de roupa de vestir exteriores para muller, "Kina Fernández" e "Kina Difusión". Como características funcionais do produto cabe destacar a aplicación dun proceso de fabricación moi laborioso, de moi coidado deseño, que se desenvolve integramente en Galicia.



O IGAPE SUBVENCIONARÁ EN 2 PUNTOS AS OPERACIÓNS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS NOS SECTORES PESQUEIRO E DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) subvencionará en dous puntos porcentuais os xuros das operacións financeiras destinadas ao financiamento de investimentos impulsados por empresas do sector pesqueiro ou do sector de transporte público por estrada. Segundo a addenda ao Convenio de apoio financeiro a pemes 2004-2006 que autorizou hoxe o Consello da Xunta, o Igape subsidiará en 2 puntos os xuros dos préstamos solicitados por empresas do sector pesqueiro e concedidos polas entidades financeiras adheridas a este.

Os préstamos deberán estar destinados ao financiamento de investimentos en renovación da flota pesqueira ou na industria de transformación de produtos pesqueiros. O Igape poderá subsidiar os xuros de préstamos bancarios concedidos a empresas do sector pesqueiro por importe de ata 35 millóns de euros en 2006.

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou igualmente ao Igape para proceder á sinatura doutra addenda ao Convenio de apoio financeiro 2004-2006 ao sector do transporte público por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías. As empresas deste sector tamén poderán contar cunha subsidiación de 2 puntos porcentuais nas operacións de *leasing* que subscriban coas entidades financeiras adheridas para investir na renovación das súas flotas de vehículos. O Instituto poderá subsidiar este ano xuros de operacións de *leasing* por importe de ata 30 millóns de euros.



AUTORIZADA A IMPLANTACIÓN DE 22 PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Logo das propostas dos Consellos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, dos informes dos Consellos de Goberno das respectivas universidades e do informe favorable do Consello Galego de Universidades, o Consello da Xunta aproba o decreto polo que se concede autorización para que se implanten nestas institucións estudos conducentes a másters oficiais. En concreto, ofertaranse nas tres universidades galegas un total de 22 Programas Oficiais de Posgrao (POPs), dos cales seis son de carácter interuniversitario.

Os estudos de posgrao teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación académica, profesional ou investigadora e artículanse en programas integrados polas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de Máster ou Doutor.

A oferta de ensinanzas oficiais de posgrao ten que deseñarse co obxecto de atender fundamentalmente a demanda dos actuais titulados universitarios que desexen recibir unha especialización adicional ou formación investigadora e a de profesionais titulados universitarios que decidan actualizar os seus coñecementos e destrezas ou modificar o seu perfil. Ao mesmo tempo ten que responder ás necesidades de Galicia cunha oferta coordinada, integrada e complementaria no SUG.

Os primeiros programas de posgrao que se van implantar están pensados nunha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro que responde ás necesidades socioeconómicas galegas, ás expectativas de formación dos alumnos e ás necesidades estruturais de funcionamento das universidades.

Segundo este decreto, a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades galegas que son obxecto deste non leva implícito custo económico con cargo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dado que se fará en función das dispoñibilidades orzamentarias das respectivas institucións.

(Xúntanse cadros coa oferta de Programas Oficiais de Posgrao)



OFERTA DE PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO (POPs)

| DENOMINACIÓN DO PROGRAMA | TÍTULOS | Duración |
|--|--|---------------------------------|
| UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA | | |
| CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA | Máster en Química Avanzada | 120 |
| ENXEÑARÍA QUÍMICA E AMBIENTAL | Máster en Enxeñaría Ambiental | 120 |
| ENXEÑARÍA BIOTECNOLÓXICA | Máster en Enxeñaría Biotecnolóxica | 120 |
| SERVIZOS CULTURAI | Máster en Servizos Culturais | 120 |
| UNIVERSIDADE DA CORUÑA | | |
| MÁSTER EN URBANISMO: PLANS E PROXECTOS. DO TERRITORIO Á CIDADE | Master en Urbanismo: Plans e Proxectos. Do Territorio á Cidade | 120 |
| POSGRAO EN ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA | Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica | 120 |
| POSGRAO EN ECONOMÍA E EMPRESA | Máster en Banca e Finanzas | 120 |
| POSGRAO EN INFORMÁTICA | Máster en Informática | 120 |
| POSGRAO EN DEREITO | Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea. | 60 |
| QUÍMICA AMBIENTAL E FUNDAMENTAL | Máster en Química Ambiental e Fundamental | 60/120 depende formación previa |
| ENXEÑARÍA DA AUGA | Máster en Enxeñaría da Auga | 100 |
| POSGRAO EN SAUDE, DISCAPACIDADE DEPENDENCIA E SOCIEDADE | Máster en Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia | 60 |
| UNIVERSIDADE DE VIGO | | |
| SEGURIDADE INTEGRAL | Máster en Seguridade Integral na Industria | 60/120 depende formación previa |
| CONTABILIDADE E FINANZAS | Máster en Contabilidade e Finanzas | 60 |
| CIENCIA E TECNOLOXÍA AGROALIMENTARIA | Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria | 60/120 depende formación previa |
| MASTER EN ESTUDOS DE XÉNERO | Máster en Estudos de Xénero | 120 |



POPs e Másters Interuniversitarios

| DENOMINACIÓN DO PROGRAMA | TÍTULOS | Univ. Coordinadora | Univ. participante | CRÉDITOS |
|---|--|--------------------|-----------------------------|---------------------------------|
| MÉTODOS MATEMÁTICOS E SIMULACIÓN NUMÉRICA EN ENXEÑARÍA E CIENCIAS APLICADAS | Máster en Enxeñaría Matemática | USC | UDC UVI USC | 90 |
| DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO | Máster en Dirección e Planificación do Turismo | USC UDC UVI | USC UDC UVI | 120 |
| XERONTOLOXIA | Máster en Xerontoloxia | USC UDC | USC UDC | 120 |
| NEUROCIENCIA | Máster en Neurociencia | USC | USC UDC UVI | 60/120 depende formación previa |
| FÍSICA APLICADA | Máster en Física Aplicada | UVI | UVI UDC | 60/120 depende formación previa |
| HISTORIA CONTEMPORÁNEA | Máster en Historia Contemporánea | UAM | USC UAM OUTRAS ... | |



EDUCACIÓN FINANCIA ACTIVIDADES INVESTIGADORAS E FORMATIVAS NO MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA ACHEGANDO PRETO DE 35.000 EUROS

- *A Administración educativa galega e a Universidade de Santiago de Compostela colaborarán no desenvolvemento destas accións*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscrición dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para o apoio e a promoción das actividades investigadoras e formativas no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA). A Administración educativa galega financiará a realización da totalidade dos traballos que se recollen neste acordo achegando 34.260 euros que se repartirán en tres anualidades (2006, 2007 e 2008) de 11.420 euros cada unha.

O obxectivo fundamental deste convenio é contar coa colaboración de destacados profesionais aos que encomendar as tarefas de investigación e de formación que se desenvolvan no MUPEGA e a coordinación científico-técnica do museo, facilitando ademais, por parte da USC, o acceso aos seus fondos bibliográficos, documentais e científicos para que o MUPEGA poida realizar actividades de interese común sobre a educación en Galicia na súa historia, actualidade e prospectiva.

Así, en virtude deste acordo, a USC cooperará coa Consellería de Educación nas actividades de coordinación e asesoramento científico, didáctico e técnico do MUPEGA e das áreas de actuación nas que este se articula. Así mesmo, a universidade compostelá colaborará coa Administración educativa galega por medio dos seus docentes e investigadores e, a petición do MUPEGA, nos distintos proxectos de investigación e outras accións que nel se desenvolvan. O asinamento deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia.

Para o seguimento das accións obxecto deste convenio crearase unha comisión, que estará presidida pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, e polo reitor da USC, Senén Barro Ameneiro, ou polas persoas nas que deleguen, e integrada ademais por un representante do departamento educativo autonómico e por outro da USC.



EDUCACIÓN DESTINA 100.000 EUROS PARA FINANCIAR O FUNCIONAMENTO DO IES *CALVO SOTELO* DE A CORUÑA NO CURSO 2006/07

O Consello da Xunta autorizou o compromiso plurianual que se deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro de formación profesional *Calvo Sotelo* durante o curso 2006/07. En virtude deste acordo, a Administración educativa galega destinará un total de 106.925,61 euros para o funcionamento do citado centro, distribuíndose o importe deste xeito: 35.641,87 euros para o ano 2006 (do 1 de setembro ata o 31 de decembro), e 71.283,74 euros para o 2007 (do 1 de xaneiro ata o 31 de agosto).

O departamento educativo galego asinou, o 3 de outubro de 1986, un acordo coa Deputación Provincial da Coruña para que o centro de formación profesional *Calvo Sotelo*, dependente desta última, funcionase como centro público en réxime de convenio. Co mesmo obxecto, asináronse diversas addendas e acordos ata o 31 de agosto de 2006.

En virtude do acordo aprobado hoxe, a Consellería de Educación mantén o convenio coa Deputación provincial para o funcionamento deste centro docente durante o próximo curso escolar 2006/07 coa finalidade de continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados nel.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ 12.168 EUROS PARA PRESTAR SERVIZO AMBULATORIO EN DOUS CENTROS DE SAÚDE MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ROIS

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Rois para prestar asistencia sanitaria en réxime ambulatorio aos beneficiarios da Seguridade Social. O convenio ten unha vixencia de dous anos, aínda que poderá ser prorrogado, e en total, o importe previsto para todo este período será de 12.168 euros.

O Sergas aboará ao concello de Rois 0,15 euros por cada titular beneficiario da Seguridade Social, o que supón unha cantidade mensual de 507 euros correspondentes a 3.380 titulares. Pola súa banda, o concello comprométese a manter en perfecto estado os consultorios e sufragar os gastos dos elementos necesarios para o normal funcionamento das instalacións.



A XUNTA ESTUDA A INCIDENCIA EN GALICIA DO PLAN DE SERVIZOS ESPECIAIS DE SALVAMENTO MARÍTIMO DA VIDA HUMANA NO MAR E DA LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN DO MEDIO MARIÑO 2006-2009

- *O informe foi presentado pola conselleira de Pesca na reunión do Goberno galego deste xoves*

O Consello da Xunta de Galicia estudou, na súa reunión de hoxe, un informe presentado pola conselleira de Pesca no que se especifica a incidencia na Comunidade Autónoma do Plan Nacional de Servizos Especiais de Salvamento Marítimo da Vida Humana no Mar e da Loita contra a Contaminación 2006-2009, elaborado polo Ministerio de Fomento.

Segundo se desprende do informe analizado, Galicia contará cun buque de grande capacidade de recollida de residuos contaminantes ao abeiro do dito plan. Así mesmo, unha das dúas bases de maior capacidade de salvamento e loita contra a contaminación, das que prevé o Plan, situarase en Galicia. Esta base posuirá 18.000 metros cadrados de solo e 6.500 construídos.

A cidade da Coruña vai acoller unha das dúas bases permanentes de equipos de actuación submarina. A base contará con material de buceo, cámara hiperbárica e equipos de intervencións, así como un equipo que estea dispoñible as 24 horas do día, 365 días ao ano. O equipo estará composto por cinco buceadores especializados.

Ademais, segundo consta no informe, estableceranse medidas concretas encamiñadas a conseguir un óptimo nivel de equipamento dos centros e a mellorar o seguimento do Tráfico Marítimo. Dentro destas actuacións prevese a posta en marcha dun sistema integrado para a emisión dos radio avisos locais. O ano previsto para a renovación do Centro Local de Coordinación de Salvamento de Vigo é o 2008.

Medios para a fachada galaico-cantábrica

Paralelamente, o plan recolle a entrada en funcionamento de diferentes embarcacións de salvamento na fachada galaico-cantábrica, sen especificar o porto base. Así, haberá 14 novas embarcacións de nivel 1 tipo Salvamar (de entre 15 e 21 metros de eslora); 4 embarcacións de nivel 2 rápidas polivalentes (de entre 25 e 30 metros de eslora); 4 embarcacións de nivel 3 remolcadoras (de entre 50 e 90 toneladas de tiro); e 1 embarcación de nivel 4 ou buque polivalente.



A XUNTA AXILIZA O DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS ELECTORAIS DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE GALICIA

- *O Consello do Goberno galego aprobou esta mañá o Decreto polo que se reducen considerablemente algúns prazos e se mellora a actualización do censo de afiliados dos pósitos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe, a modificación do Decreto polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións. A normativa, que sairá publicada nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia, permitirá axilizar as eleccións nestas entidades co fin de mellorar a súa dinámica. Neste sentido, o novo decreto acurta notablemente algúns dos prazos do proceso permitindo que este se vexa reducido ata un máximo de 39 días.

Así mesmo, o texto aprobado esta mañá polos membros do Goberno supón unha mellora na actualización do censo de afiliados das confrarías, o que servirá de base para a configuración das posteriores listas electorais. Neste punto, o novo decreto delimita cunha maior precisión os trámites formais que deberán acompañar necesariamente estes procesos.

Será o cabido do pósito o encargado de actualizar o censo de afiliados no primeiro trimestre de cada ano para expoñelo despois publicamente durante un período de quince días. Tras a aprobación da xunta xeral, os interesados que non estean conformes coa decisión terán a posibilidade de presentar un recurso de alzada ante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. O obxectivo é que as confrarías fagan unha revisión do censo periodicamente evitando así que só se leve a cabo durante os procesos electorais. Deste xeito, aforrarase tempo, e posibles reclamacións, de cara a aprobación do censo electoral.

A posta en marcha da modificación deste decreto xa fora aprobado polo Consello Galego de Pesca o pasado 16 de novembro, onde a conselleira Carmen Gallego anunciou aos representantes do sector a necesidade de acelerar todo este tipo de trámites para evitar que os comicios dos pósitos galegos se prolonguen no tempo.



MEDIO RURAL INICIA O PROCESO DE CONTRATACIÓN DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS

O Consello da Xunta autorizou á Consellería do Medio Rural a iniciar a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta primeira quenda de preto de 5 millóns de euros distribuídos en dúas anualidades.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos que se vai realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar a poboación. Recolleranse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

Nesta primeira fase, destinaranse 4.770.645 euros para as obras que se executarán, logo da sinatura dos convenios, nos concellos da Baña, Boimorto, Cesuras, Curtis, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Sobrado, Tordoia, Touro, Vedra, Paradela, Quiroga, Arnoia, Boborás, Larouco, Ourense, Pobra de Trives, Ramirás, San Amaro, Baiona, Caldas de Reis, Cangas, Catoira, Cerdedo, Covelo, Gondomar, Mondariz Balneario, Poio, Ponte Caldelas, Portas, Ribadumia, Vila de Cruces, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa.

Ademais dos 36 concellos incluídos nesta primeira quenda, nas vindeiras semanas iniciarase o proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.



A CONSELLERÍA DE CULTURA CONSOLIDARÁ A MURALLA E OS ACCESOS AO CASTELO DOS SARMIENTO EN RIBADAVIA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe as actuacións da Consellería de Cultura e Deporte por valor de 157.000 euros*

A Consellería de Cultura e Deporte actuará este ano para consolidar a muralla e acondicionar o acceso ao Castelo dos Sarmiento en Ribadavia. A sinatura do convenio entre Cultura e o Concello de Ribadavia foi aprobada hoxe no Consello da Xunta.

A Consellería de Cultura e Deporte levará a cavo obras de consolidación na fronte da muralla na rúa Tomás de Lemos. A outra actuación da Consellería será o acondicionamento de accesos entre a muralla exterior e o recinto interior do Castelo dos Sarmiento. As obras consistirán en tarefas de pavimentación e a instalación de servizos urbanos tales como instalacións eléctricas.

Para a execución das obras neste ano 2006, a Consellería de Cultura investirá uns 157.000 euros e encargarse da redacción do proxecto de execución, a dirección das obras e a coordinación en materia de seguridade e saúde. Pola súa banda, o Concello comprométese a xestionar as necesarias licencias e a que o monumento poida estar dispoñible.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 6´2 MILLÓNS DE EUROS PARA OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN ONCE CONCELLOS GALEGOS

- *O investimento de Augas de Galicia, organismo autónomo dependente da Consellería de Medio Ambiente, ascende a 4,2 millóns*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe obras de abastecemento e saneamento por un valor total de 6.268.156 euros. As actuacións refírense a oito proxectos, que se levarán a cabo en once concellos galegos, e serán financiados pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que aportará 4,2 millóns de euros.

As actuacións, a meirande parte das cales se acometerán este ano, permitirán solventar carencias de subministración que se producen na época estival, como é o caso do proxecto de ampliación do abastecemento na comarca do Salnés, e, en xeral, mellorar a rede de auga e saneamento de núcleos de poboación de Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo, Lugo, Redondela, Castrelo do Val, Tomiño, Catoira e Bande.

Abastecemento Comarca do Salnés

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente e a Mancomunidade do Salnés para a execución das obras de ampliación do abastecemento en alta nos concellos de Cambados, Ribadumia, Meaño e Sansenxo. O orzamento total da obra ascende a 3,3 millóns, que financiarán a partes iguais o departamento autonómico a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) e a Mancomunidade do Salnés. A achega da Eposh, que ascende a 1,6 millóns de euros, distribuirase en tres anualidades de igual cuantía (554.205 euros), as correspondentes ao actual exercicio e aos dos anos seguintes, 2007 e 2008. O obxecto principal do proxecto é o aumento da capacidade hidráulica da conducción existente, coa finalidade de facer fronte ao incremento estacional da demanda durante o verán, o que fai insuficiente o sistema de subministración actual.

Castrelo do Val e Bande (Ourense)

Na provincia de Ourense executaranse dous proxectos nos concellos de Bande e Castrelo do Val. Así, A Consellería de Medio Ambiente, a través do organismo Augas de Galicia, acometerá este ano obras de mellora do abastecemento na localidade de Castrelo do Val, cuxo orzamento ascende a 386.500 euros. O departamento que dirixe Manuel Vázquez, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos asumirá a totalidade dos custos da execución desta obra, que deberá estar rematada nun prazo de seis meses unha vez se licite e adxudique o proxecto. Concretamente, as actuacións previstas permitirán mellorar a actual rede de abastecemento dos núcleos de Castrelo do Val e Nocado. De feito, o sistema de distribución existente no primeiro lugar está incompleto e o do segundo precisa unha renovación en máis dun 50% da



rede. No que respecta a Bande, Augas de Galicia acometerá un plan que permitirá mellorar o saneamento de varios núcleos de poboación do concello ourensá de Bande. O proxecto, que require un investimento de 433.744 euros, será financiado na súa totalidade polo departamento autonómico a través da empresa pública de augas. O financiamento repártese en dúas anualidades, a deste ano e a do próximo, segundo se aprobou na reunión do Consello da Xunta celebrada esta mañá. Na actualidade, os núcleos que se beneficiarán desta actuación presentan deficiencias na rede de saneamento, debido á carencia de colectores ou a falla de sumidoiros, que serán subsanados gracias ao proxecto aprobado no día de hoxe.

Lugo

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), dependente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, investirá este ano 253.200 euros no proxecto de renovación da rede de saneamento do Campus universitario de Lugo. A actuación consiste en pequenas obras de saneamento no colector xeral Augas-Férreas. O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou a colaboración técnico-financiera entre o Concello de Lugo, que foi a entidade que solicitou a obra, e a Consellería de Medio Ambiente para executar este proxecto. Unha vez sexan licitados e adxudicados os traballos de mellora da rede de saneamento, estes deberán estar rematados nun prazo de tres meses.

Catoira, Tomiño e Redondela (Pontevedra)

Pola súa banda, na provincia de Pontevedra serán tres os concellos beneficiarios dos proxectos de abastecemento e saneamento aprobados hoxe polo consello. En Redondela, a Esposh executará un proxecto de saneamento en Chan das Pipas. A obra será financiada na súa totalidade pola empresa pública e conta cun orzamento de 409.602 euros. Unha vez se liciten e adxudiquen as obras, a empresa contratada disporá dun prazo de seis meses para rematar os traballos. Na mesma liña, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 598.898 euros na rede de saneamento da parroquia de Estás, no concello pontevedrés de Tomiño. O acordo de colaboración técnico-financiero foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta, acordándose repartir o financiamento do proxecto nas anualidades deste ano e do próximo. A Empresa Pública de Obras e Servizos será a encargada de financiar a totalidade das obras, que teñen un prazo de execución de doce meses unha vez estean licitadas e adxudicadas. A actuación afecta aos lugares de Outeiro, Aldea, A Granxola e Vidancelle. Por último, Medio Ambiente acometerá o proxecto de abastecemento a núcleos de poboación de Catoira (Pontevedra). A actuación, que require un orzamento de 353.119 euros, foi aprobado hoxe no Consello da Xunta. A creación desta rede de administración virá completar a primeira fase do plan de abastecemento iniciada en 2000. A consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos, financiará esta actuación con cargo aos orzamentos deste ano e do próximo.



Portosín (A Coruña)

A actual rede abastecemento de Portosín, localidade pertencente ao concello coruñés de Porto do Son, será obxecto dunha importante mellora grazas a un investimento de 507.863 euros aprobada hoxe no Consello da Xunta. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través de Augas de Galicia financiará o 100% desta obra de mellora do abastecemento coa que se solventarán os problemas no caudal que sofren certos núcleos. O obxecto do proxecto é a execución das obras necesarias para asegurar o abastecemento de Portosín mediante unha rede desde os depósitos do Son. Os traballos teñen un prazo de execución de 8 meses, unha vez sexa licitado e adxudicado o proxecto.

(Xúntase cadro coas actuacións aprobadas)



| TITULO | CONCELLO | PROVINCIA | ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN |
|---|---|------------|------------------------------|
| Mellora do abastecemento na bacía Galicia Costa. Abastecemento a Portosín. | Porto do Son | A Coruña | 507.863,64 € |
| Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Abastecemento e saneamento en Castrelo do Val e Nocado do Val. | Castrelo do Val | Ourense | 386.500,00 € |
| Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Ampliación do abastecemento en alta do Salnés. | Cambados, Ribadumia, Meaño e Sanxenxo (Mancomunidade do Salnés) (*) | Pontevedra | 3.325.230,87 € |
| Pequenas obras de saneamento. Renovación do colector xeral en Augas Férreas. Campus Universitario de Lugo. | Lugo | Lugo | 253.200,00 € |
| Abastecemento a pequenos núcleos de poboación. Abastecemento de auga a núcleos de Catoira. 2ª fase. | Catoira | Pontevedra | 353.119,13 € |
| Actuacións de saneamento na bacía Galicia Costa. Saneamento de Chan das Pipas. | Redondela | Pontevedra | 409.602,66 € |
| Rede de abastecemento de auga e saneamento básico. Saneamento en núcleos do concello de Bande. | Bande | Ourense | 433.744,61 € |
| Recuperación integrada da bacía hidrográfica do río Miño. Rede de saneamento na parroquia de Estás. Fase I. | Tomíño | Pontevedra | 598.898,99 € |

(*) Augas de Galicia, a través da Empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, aporta o 50% da financiación e a Mancomunidade do Salnés a outra metade.



O CONSELLO ACORDA ESTABLECER UNHA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA AS ESCOLAS OBRADOIRO E CASAS DE OFICIOS, OBRADOIROS DE EMPREGO E UNIDADES DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

- *Os beneficiarios das actividades serán os desempregados menores e maiores de vinte e cinco anos, dependendo da actividade de formación, que se atopen inscritos no Servizo Público de Emprego. Reunindo estes requisitos xerais terán preferencia na súa participación as mulleres en xeral, as vítimas de violencia doméstica e as persoas con discapacidade*
- *O obxectivo é proporcionar aos demandantes de emprego accións de formación e ocupación que faciliten a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo ao tempo que se levan a cabo servizos de interese xeral e social*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o acordo polo que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas e subvencións, para o ano 2006, para os programas de Escolas Obradoiros e Casas de Oficios, de Obradoiros de Emprego e de Unidades de Promoción e Desenvolvemento.

Estes programas de formación en alternancia teñen como finalidade mellorar a ocupabilidade dos desempregados mediante a realización de obras ou servizos de interese xeral e social que posibiliten ao novo traballador a realización dun traballo efectivo que xunto coa formación profesional ocupacional recibida, procure a súa cualificación e favoreza a súa incorporación ou reincorporación no mercado de traballo.

Os principais beneficiarios destas actividades de formación en alternancia serán aquelas persoas menores ou maiores de vinte e cinco anos, segundo o tipo de actividade do que se beneficien, en situación de desemprego e rexistradas no Servizo Público de Emprego. Reunindo estes requisitos xerais terán preferencia na súa participación aqueles que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo: as mulleres, en xeral, as vítimas de violencia doméstica, as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e os pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, aquelas persoas que sexan beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia e mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución como medio de vida.

Na orde aprobada esta mañá establécense dous prazos de resolución e valoración de solicitudes, un en abril e outro en setembro, de tal xeito, aquelas solicitudes das que na primeira fase de concesión non se formulase proposta de resolución, non se



considerarán expresamente desestimadas e poderán ser obxecto de avaliación na seguinte fase.

Programas de Formación en Alternancia

As Escolas Obradoiro, Casas de Oficio e Obradoiros de Emprego concíbense como programas mixtos de formación e emprego que, promovidas por entidades públicas e por entidades privadas sen ánimo de lucro, están dirixidas a mellorar a ocupabilidade dos desempregados, inscritos no Servizo Público de Emprego, maiores ou menores de vinte e cinco anos, segundo proceda, a través da súa cualificación profesional mediante a súa formación en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social.

Os proxectos de escolas obradoiros e casas de oficios constarán de dúas etapas: unha de carácter formativo e iniciación, e outra, de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, dirixidas á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional. Nas escolas obradoiro a duración de ámbalas dúas etapas non será inferior a un ano nin superior a dous, sendo a duración da primeira de seis meses. As casas de oficios terán a duración dun ano, dividido en dúas etapas de seis meses. Mentres que os obradoiros de emprego terán unha duración máxima dun ano así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional.

Pola súa banda, as Unidades de Promoción e Desenvolvemento trátanse de módulos de intervención en ámbitos territoriais de carácter supramunicipal que, promovidas por entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro de tal carácter, teñen por obxectivo final descubrir as potencialidades de desenvolvemento e emprego na súa área de actuación, investigando as oportunidades de creación de emprego, ademais de apoiar e dinamizar proxectos de escolas obradoiro, casas de oficios e de obradoiros de emprego e a posta en práctica de estratexias e metodoloxías dirixidas a inserción laboral dos participantes nos ditos programas de fomento do emprego.

Á hora de proceder á concesión destas actividades valorarase, en concreto, non ter promovido proxectos durante os catro anos inmediatamente anteriores, a inserción das persoas participantes no mercado laboral, a formación e experiencia profesional adquirida e o resultado socioeconómico derivado da realización de proxectos de utilidade pública e social acollidos a esta orde.